



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE DO ... DE ... DE ... POLA QUE SE AMPLÍA A RELACIÓN DE MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN PARA OS CENTROS DOCENTES NAS ETAPAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, E SE REGULA O SEU CURRÍCULO E A SÚA OFERTA.

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co proxecto de Orde do ... de ... de... pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, emite o seguinte

INFORME

1.Marco normativo e competencial

O apartado 2 do artigo 6 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, engadido pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa establece que en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e en bacharelato, as materias agruparanse en tres bloques, de materias troncais, de materias específicas e de materias de libre configuración autonómica.

O apartado 2 c) deste mesmo artigo establece que dentro da regulación e dos límites establecidos polo Goberno, a través do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, as Administracións educativas poderán, entre outros aspectos, establecer os contidos dos bloques de materias específicas e de libre configuración autonómica, realizar recomendacións de metodoloxía didáctica para os centros docentes da súa competencia, fixar o horario lectivo máximo correspondente aos contidos das materias do bloque de materias troncais, e fixar o horario correspondente aos contidos das materias dos bloques de materias específicas e de libre configuración autonómica.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer



materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración. En virtude desta habilitación normativa, dítoise a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Segundo o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, corresponde á secretaría xeral técnica emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería e tramitalos.

2. Necesidade e oportunidade

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, entre outros aspectos, no relativo ás materias de libre configuración, encomendando ás Administracións educativas a regulación destas materias de libre configuración, respecto das cales deben fixar o seu horario e establecer os seus contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis.

A dita normativa, así como o previsto no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, fan necesario identificar e establecer o currículo daquelas materias de libre configuración autonómica que a consellería con competencias en materia de educación oferta aos centros docentes para que estes, no exercicio da súa autonomía, oferten ao alumnado aquelas que consideren.

Cómpre ampliar as materias establecidas na Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

O presente proxecto de orde pretende ampliar a oferta de materias de libre configuración autonómica que teña en conta a necesidade formativa que presenta o alumnado actual, ampliando a posibilidade de ofertar as materias de Igualdade de Xénero, Obradoiro Musical e Electrotecnia.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Vicesecretaría Xeral o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económico- financeira (artigo 41.2.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do proxecto de orde asinado pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da S Vicesecretaría Xeral elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigos 41.2.c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o proxecto de orde publicouse na páxina web da Consellería (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 23 de xuño de 2016,



informes á Secretaría Xeral de Igualdade, e con data 5 de xullo de 2016 á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

O 11 de xullo de 2016 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos informou favorablemente o proxecto de orde, e o 23 de xuño de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o correspondente informe de impacto de xénero, aceptándose todas as observacións propostas no dito informe, segundo consta no informe de data do 13 de xullo de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, relativo aos informes e ditames recibidos respecto ao proxecto de orde.

Así mesmo, tamén se solicitou con data do 22 de xuño de 2016 o correspondente informe da Asesoría Xurídica, que se emitiu coa mesma data, e cuxas suxestións e observacións ao texto se incorporaron na súa totalidade ao proxecto de orde.

5. Legalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De acordo co indicado considérase que o proxecto de Orde do ... de ... de... pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que se informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2016

A secretaria xeral técnica

Jesús Oitavén Barcala

